

## Memoria académica

O Congreso Internacional Fundacional da Asociación Española de Investigación de la Comunicación (AE-IC): *I+C Investigar a Comunicación* celebrouse en Santiago de Compostela, na Facultade de Ciencias da Comunicación, os días 30, 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2008.

Este evento, organizado pola AE-IC, a Asociación Galega de Investigadores e Investigadoras en Comunicación (AGACOM), a Facultade e o Departamento de Ciencias da Comunicación da USC, reuniu a máis de 500 participantes, unha cifra que reflicte a relevancia e importancia que tivo no eido da investigación. Desenvolveuse en tres grandes bloques:

- Catro eixos temáticos que respostan aos retos aos que se enfronta a investigación na era actual: a súa responsabilidade perante a democracia e cidadanía, a súa contribución ao artellamento das políticas de comunicación e cultura, a súa adaptación á sociedade da información e a análise do seu papel na creatividade e produción de contidos.
- Catro sesións especiais que abordan temas considerados prioritarios na etapa fundacional da Asociación: a realización dun balance das seis décadas de investigación da comunicación en España, a relación entre a investigación e a docencia nas Facultades de Comunicación, a cooperación entre España e América Latina en materia de investigación en comunicación e, finalmente, o papel da comunicación no conxunto da política científica.
- Comunicacions que se estruturaron ao redor de 5 áreas temáticas:
  - Teorías e métodos de investigación en comunicación
  - Estudos de recepción
  - Estrutura dos medios



- Estudos sobre o discurso
- Tecnoloxías da comunicación e da información

O primeiro froito do Congreso foi a gran resposta ao *call for papers*, que pon de manifesto que os estudos de comunicación constitúen un dos sectores máis activos das ciencias sociais e das humanidades en España. A existencia dunha ampla comunidade de investigadores/as interesados/as no evento queda evidenciada polo elevado número de propostas recibidas, 510.

Aínda que non se aceptaba o envío de máis dunha comunicación co mesmo primeiro autor, o que contribúe a prestixar o proceso de selección das mesmas, ese elevado número de recepcións obrigou a establecer unha priorización nas propostas en base a dúas modalidades: a aceptación de comunicacións para presentar verbalmente durante a celebración do evento, foron 277 as seleccionadas, e a aceptación de 90 máis para a súa inclusión nas actas finais do Congreso.




Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008



Un dato destacable é que desas 277 seleccionadas para presentar durante os tres días do evento inscribíronse 245, das cales foron defendidas 239 que se distribuíron en 5 bloques temporais nos que se realizaron 11 sesións paralelas, resultando un total de 55 mesas.


Á hora de establecer unha clasificación das comunicacións é salientable que o 42% das inscritas son asinadas por varios autores o que induce a pensar que son froito da labor investigadora de proxectos que están actualmente en curso.



Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008

En canto a análise das comunicacións atendendo á variable de contidos verificouse que a área temática cun maior número de envíos, e de maior número de aceptación de comunicacións, foi a de «Estudos sobre o discurso», na que se enmarcan 75 comunicacións do total das aceptadas, seguida das áreas de «Tecnoloxías» e «Teorías e métodos».





Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008

A cantidade de comunicacións presentadas e a distribución das mesmas en función das áreas temáticas fan intuir a presenza de espazos emerxentes de investigación como «Saúde» e «Migración», así como aspectos da «Comunicación organizacional» ou o tratamento de conflitos e situacións de crise, a ciencia, e a sostenibilidade ou a cobertura de actos de terrorismo (integrados en «Estudios sobre o discurso»). Porén, unha das áreas preferentes é a das TICS, enmarcadas no ámbito da «Tecnoloxía».

Entre os temas de fondo do debate investigador, por tanto, están:

- A Sociedade de Risco e os seus desafíos.
- O reto que supón o avance tecnolóxico na profesión xornalística.
- A responsabilidade profesional e social do xornalista como xestor da información, non só nos medios senón tamén nas empresas, cada vez máis dependentes das súas políticas de comunicación.

